



BOP

MIÉRCOLES, 15 DE ENERO DE 2014

Nº 011

DIPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.org

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

CONCELLOS

LUGO

Anuncio

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 30 de decembro de 2013, aprobou a forma de adxudicación mediante procedemento aberto para **CONTRATACIÓN DA DOCENCIA ESPECIALIZADA (FORMACIÓN ESPECÍFICA) MEDIANTE LOTES NO MARCO DO PROXECTO “LUGO EMPREGO ACTIVO 2” COFINANCIADO NUN 80% POLA UE A TRAVÉS DO FONDO SOCIAL EUROPEO (CÓDIGO PROXECTO: 112410004). LOTE 2 – IMPRESIÓN DIXITAL- RESERVADO A CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO.** Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

a) **Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.

b) **Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación e Patrimonio.

2.- Obxecto do contrato.

a) **Descrición do obxecto:** O obxecto deste contrato, atendose ó obxectivo concreto do proxecto “LUGO EMPREGO ACTIVO 2”, baixo o cal se encadra o presente procedemento, é contratar a entidades ou empresas para impartan a docencia especializada das horas teóricas (formacións específica) das diferentes accións formativas seguintes:

LOTE 1.- ATENCIÓN SOCIO SANITARIA A PERSONAS NO DOMICILIO

LOTE 2.- IMPRESIÓN DIXITAL

LOTE 3.- COIDADOR/A DE PERSOAS DEPENDENTES E ENFERMAS DE ALZHEIMER

LOTE 4.- OPERACIÓNS BÁSICAS DE CÁTERING

LOTE 5.-ACABADO DE CARPINTERÍA E MOBLE

LOTE 6.-OPERACIONES BÁSICAS DE RESTAURANTE E BAR

LOTE 7.-OPERACIÓN AUXILIARES DE MONTAXE DE REDES ELÉCTRICAS

Ver cláusula primeira do prego de cláusulas administrativas

b) **Prazo de execución:** As accións formativas realizarase dende a data de formalización do contrato administrativo, 5 horas/día en horario de mañá e/ou tarde dende a data de inicio de acción formativa ata a data de remate de cada unha e que non excederá de outubro de 2014.

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) **Tramitación:** ordinaria

b) **Procedimiento:** aberto

4.- Tipo de licitación.

O valor estimado do contrato para os sete lotes incluídos ascende á cantidade de 61.363,64 euros polo que incluído o IVE (21%) -12.886,36 euros- resulta un presuposto total de 74.250 euros (SETENTA E CATRO MIL DOUSCENTOS CINCONTA EUROS) , correspondendo a cada lote o seguinte orzamento:

LOTE 1.- ATENCIÓN SOCIO SANITARIA A PERSONAS NO DOMICILIO: 11.900,83 euros máis o IVE (21%) – 2.499,17 € resultando un total de 14.400 €

LOTE 2.- IMPRESIÓN DIXITAL: 9.256,20 euros máis o IVE (21%) – 1.943,80 € resultando un total de 11.200 €

LOTE 3.- COIDADOR/A DE PERSOAS DEPENDENTES E ENFERMAS DE ALZHEIMER: 4.462,81 euros máis o IVE (21%) -937,19 € resultando un total de 5.400 €

LOTE 4.- OPERACIÓNS BÁSICAS DE CÁTERING: 8.677,69 euros máis o IVE (21%) – 1.822,31 € resultando un total de 10.500 €

LOTE 5.-ACABADO DE CARPINTERÍA E MOBLE: 16.942,15 euros máis o IVE (21%) – 3.557,85 € resultando un total de 20.500 €

LOTE 6.-OPERACIONS BÁSICAS DE RESTAURANTE E BAR: 4.338,84 euros máis o IVE (21%) – 911,16 € resultando un total de 5.250 €

LOTE 7.-OPERACIÓNS AUXILIARES DE MONTAXE DE REDES ELÉCTRICAS: 5.785,12 euros máis o IVE (21%) – 1.214,88 € resultando un total de 7.000 €

5.- Garantías:

a) **Definitiva:** 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE,

6.- Obtención de documentación e información.

a) **Entidade:** Concello de Lugo, Servicio de Contratación e Patrimonio

b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197.

c) **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

d) **Teléfonos:** (982) 29-71-45, 29-73-27

e) **Telefax:** (982) 29-72-59.

f) **Dirección internet:** www.lugo.es (Zona de servicios: pertil do contratante)

g) **Data límite de obtención de documentos e información:** Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

7.- Requisitos específicos do contratista.

a) **Outros requisitos:** Os sinalados nos pregos de condicións

8.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

a) **Data límite de presentación:** 15 días naturais contados a partires da data de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No caso de que o último día coincidise en sábado ou festivo, prorrogarase ata o seguinte día hábil.

b) **Documentación que hai que presentar:** A que figura na cláusula décima do prego de cláusulas administrativas particulares.

c) Lugar de presentación:

1ª **Entidade:** Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou ben nos lugares establecidos nos pregos

2ª **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197

3ª **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

d) **Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a mante-la súa oferta (concurso):** 2 meses.

9.- Apertura das ofertas.

a) **Entidade:** Centro de Servicios Municipales

b) **Domicilio:** Ronda Muralla 197- 3ª planta

c) **Localidade:** Lugo

d) **Data:** ó segundo día natural ó remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidise en sábado ou festivo a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

10.- Outras informacións: As que se recollen no prego de condicións.

11.- Gastos dos anuncios: 206,44 euros que serán por conta do contratista adxudicatario.

Lugo, 9 de xaneiro de 2014.- O ALCALDE, P.D. TENENTA-ALCALDE DA AREA (Decreto nº 13008312) Sonia Mendez Garcia

*Anuncio***ANUNCIO DE COBRANZA**

Faise saber que ó abeiro da Ordenanza Fiscal Xeral o enderezo fiscal de cada contribuínte é único perante o Concello de Lugo e coincidirá co de empadramento, salvo notificación expresa ó Concello doutro diferente. Ó citado enderezo fiscal remitiránse todos os recibos do contribuínte.

Asimesmo faise saber ós contribuíntes e interesados de que a partir do vindeiro 20 de xaneiro e ata o 20 de marzo do ano 2014, ambos inclusive, pónse o cobro, en prazo voluntario, o padrón de subministración de auga e IVA s/seu consumo, recollida de lixo, sumidoiros, aluguer de contador e canon da auga correspondente ó cuarto trimestre de 2013

Para o cobramento do mesmo, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, éstos seránlles cargados nas contas bancarias respectivas o día 30 de xaneiro de 2014

Para o resto dos contribuíntes, os documentos de cobro seránlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectua-lo pago en calquera oficina de Novagalicia Banco, La Caixa e BBVA. No caso de non recibilos, o obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais, sitas na Ronda da Muralla Nº197-planta baixa (Negociado de Augas), para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento

Advírtese que, transcorrido o prazo voluntario de ingreso sen efectua-lo pagamento das débedas, poderase realizar o mesmo incrementado cun 5% de recargo executivo ata o día 21 de abril de 2014, utilizando o mesmo recibo, en calquera das oficinas de Novagalicia Banco, La Caixa e BBVA; todo isto sen prexuízo de que se poida iniciar o procedemento de constrinximento, co recargo, xuros e custas que se poideran producir

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ó abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria

Lugo, 10 de xaneiro de 2014.- O ALCALDE P. D. A TENENTA DE ALCALDE DELEGADA DA AREA DE ECONOMIA E EMPREGO Sonia Méndez García

R. 0097

MONFORTE DE LEMOS*Anuncio*

De acordo ao art 86 da Lei 30/92 faise público que mediante acordo do Pleno da Corporación en sesión celebrada o 30/12/2013 aprobose a rectificación do Inventario municipal de bens e dereitos pertencentes a este Municipio, seguinte:

ALTA:

Ben dominio público, destino servizo público.

Finca situada na Travesía do Cabe desta cidade, composta por unha edificación de planta baixa de oitenta e sete (87) metros cadrados e unha zoa axardinada situada diante da fachada principal de sesenta e nove (69) metros cadrados.

Monforte de Lemos, a 02 de xaneiro de 2014.- O Alcalde Severino Rodríguez Díaz

R. 0101

Anuncio

O Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o día 30 decembro do 2013, prestou aprobación provisional á creación da entidade de Poboación denominada Distriz-Diseminado.

Incluir a vía de alta: BARRO "CAMIÑO REAL" en dito diseminado, sendo os seus tramos: extremo inferior impar o un (1), superior impar oitenta e sete (87); inferior par dous (2) e superior o oitenta e seis (86), con carácter provisional en tanto se aprobe a definitiva.

De acordoco artigo 9 da Ordenanza municipal reguladora da denominación e rotulación das vías públicas e da numeración de edificios, expónseao público por un prazo de vinte días, durante os cales os interesados poderán presentar as alegaciónsouobxeccións que estimen oportunas que haberán de ser atendidas e resoltas antes da aprobación definitiva. No caso de que non se presentasen reclamacións no prazo de información pública, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

Monforte de Lemos ,a 8 de xaneiro do 2014.- O ALCALDE Severino Rodríguez Díaz

R.0102

O VICEDO

Anuncio

Téndose interposto por TEODORO MOREDA, S.L.U. recurso contencioso administrativo (procedemento abreviado 247/2013-2P) contra resolución da Xunta de Goberno Local do Concello do Vicedo, acadada na sesión celebrada o día 16 de setembro de 2013, pola que se desestimaba solicitude de devolución de ingresos tributarios formulada polo interesado con data 27 de agosto de 2013, aplicados en concepto de imposto municipal de construcións, instalacións e obras, no expediente de concesión de licenza de obra 60/06 para a construción dun edificio composto de sótano, planta baixa, tres plantas e zona de baixo cuberta para 26 vivendas na r/ Cidade de Mondoñedo do Vicedo, segundo proxecto redactado polo arquitecto, don Ramiro Cociña Orol, de conformidade co preceptuado no artigo 49 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa, en relación cos artigos 59.5 e 60 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, por resolución da alcaldía de 8 de xaneiro de 2014, acórdase remitir ó xulgado contencioso-administrativo nº 2 de Lugo o expediente administrativo e emprazar a cantos aparezan como interesados nel para que poidan persoarse como demandados no prazo de nove días.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

O Vicedo, 8 de xaneiro de 2014.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez

R. 0082

Anuncio

Téndose interposto por TEODORO MOREDA, S.L.U. recurso contencioso administrativo (procedemento abreviado 246/2013 J) contra resolución da Xunta de Goberno Local do Concello do Vicedo, acadada na sesión celebrada o día 16 de setembro de 2013, pola que se desestimaba solicitude de devolución de ingresos tributarios formulada polo interesado con data 27 de agosto de 2013, aplicados en concepto de imposto municipal de construcións, instalacións e obras, no expediente de concesión de licenza de obra 59/06 para a construción dun edificio composto de dous semisótanos, planta baixa, tres plantas altas e zona de baixo cuberta para 14 vivendas na r/ Rosalía de Castro do Vicedo, segundo proxecto redactado polo arquitecto, don Ramiro Cociña Orol, de conformidade co preceptuado no artigo 49 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa, en relación cos artigos 59.5 e 60 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, por resolución da alcaldía de 8 de xaneiro de 2014, acórdase remitir ó xulgado contencioso-administrativo nº 1 de Lugo o expediente administrativo e emprazar a cantos aparezan como interesados nel para que poidan persoarse como demandados no prazo de nove días.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

O Vicedo, 8 de xaneiro de 2014.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez

R. 0083

Anuncio

Pola Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria celebrada o día 18 de decembro de 2013, prestouse aprobación ós padróns que máis abaixo se relacionan, todos eles correspondentes ó 1º semestre de 2013, a saber:

- Taxa por subministro de auga.
- Taxa por recollida de lixo.
- Taxa por prestación do servizo de rede de sumidoiros.
- Canon auga Xunta de Galicia

Expóñense ó público nas oficinas municipais durante o prazo de 15 días, que se computarán a partir da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Durante o prazo de 1 mes, a contar dende o día seguinte ó da terminación da exposición ó público, poderase presentar recurso de reposición de conformidade co artigo 108 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, e artigo 14.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Contra a desestimación do recurso de reposición poderase presentar recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses, que se computarán a partir da notificación da resolución expresa do recurso de reposición,

ou de 6 meses, dende que se entenda producida a desestimación presunta de este. Igualmente, poderase interpor calquera outro recurso que se estime conveniente.

Transcorrido este prazo, iniciárase o período executivo e a débeda tributaria resultante esixírase polo procedemento de constrinximento, con recargo e xuros de demora que procedan, de acordo co previsto no artigo 28 de la Lei 58/2003, xeral tributaria.

Este anuncio ten carácter de notificación colectiva de conformidade co establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria.

O Vicedo, 10 de xaneiro de 2014.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez

R. 0104

Signature Not Verified

Asinado por: BOLETIN OFICIAL DA PROVINCIA DE LUGO

Data: 15.01.2014 08:00:00 CET

Razón:

Localización: España

